

PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA 4º:

1. Sociais:

Esta semana seguiremos traballando no atlas. Despois dos ríos, agora é a quenda do relevo.

Imos debuxar, calcar ou imprimir outro mapa de Galicia e outro mapa de España no que imos colocar o relevo.

Colocaremos no mapa de España:

- Meseta:
 - Submeseta norte.
 - Submeseta sur.
- Cordilleiras que rodean a Meseta:
 - Montes de León.
 - Cordilleira Cantábrica.
 - Sistema Ibérico.
 - Serra Morena.
- Cordilleiras interiores á Meseta:
 - Sistema Central.
 - Montes de Toledo.
- Cordilleiras exteriores á Meseta:
 - Macizo Galaico.
 - Montes Vascos.
 - Pirineos.
 - Cordilleira Bética.
 - Cordilleira Costeiro-Catalá.
- Depresións:
 - Depresión do Ebro.
 - Depresión do Guadalquivir.
- Marca o Teide nas Illas Canarias.

Colocaremos no mapa de Galicia:

- Serras setentrionais:
 - Serra da Faladoira.
 - Serra do Xistral.
- Serras orientais:
 - Serra dos Ancares.
 - Serra do Courel.
- Serras do sur:
 - Serra do Eixe.
 - Serra da Queixa.

- Serras centrais:
 - o Serra do Faro.
 - o Serra da Loba.
 - o Serra do Suído.
- Relevo de costa:
 - o Rías Altas.
 - o Rías centrais.
 - o Costa da Morte
 - o Rías Baixas.

2. Naturais:

A semana pasada explicáchedes e debuxáchedes a función de reprodución das plantas partindo da semente dunha mazá.

Esta semana tedes que explicar a función de nutrición da maceira: como respira (contrario a respiración humana), como se alimenta e como ese alimenta vai por toda a árbore (recorda a fotosíntese). Podes explicalo a través dun debuxo.

Explica tamén cal é a función de relación desta maceira, como se relaciona a árbore co medio.

3. Matemáticas:

Esta semana imos repasar a numeración.

- a. Escribe 10 números de 5 e 6 cifras e con cada un deles fai coma no exemplo:

59.763 – cincuenta e nove mil setecentos sesenta e tres.

5	9	7	6	3
<i>DM</i>	<i>UM</i>	<i>C</i>	<i>D</i>	<i>U</i>

$$50.000 + 9.000 + 700 + 60 + 3 = 59763$$

- b. Ordena os números anteriores de menor a maior (<):

- c. Realiza operacións escollendo entre os números que escribiches no primeiro apartado:
 - a. Dúas sumas: unha de dous sumandos e outra de tres.
 - b. Dúas restas coa súa proba.
 - c. Unha multiplicación por 235.
 - d. Unha división entre 26.

4. Lingua galega e lingua castellana:

Antes de Semana Santa fixecheis controis de todas as materias. Colle os textos que copiache para facer o control de comprensión lectora, sinala todos os nomes que hai neles e engade un adxectivo a cada nome.

Elixe 5 das parellas anteriores (nome e adxectivo) e fai unha oración completa e longa con cada unha.

5. Plástica:

Con calma e ó longo de tres semana terás que debuxar o plano da túa casa.

Cada unha das actividades de cada materia trata de facelas nunha soa folla. Lembra presentar todo sempre moi limpiño e con boa letra.